



**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL

#PobrezaGalicia

COMPROMISOS

COORDINACIÓN

CAUSAS

DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016



# COMPROMISO DAS FORMACIÓNS POLÍTICAS NA LOITA CONTRA A POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL

## ANÁLISE DOS PROGRAMAS ELECTORAIS ELECIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 25S





**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL  
#PobrezaGalicia

COMPROMISOS  
COORDINACIÓN  
CAUSAS  
DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016



## COMPROMISO, COORDINACIÓN, CAUSAS E DIALOGO CIVIL CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA

Con motivo das eleccións ao parlamento galego, EAPN Galicia xunto ás súas entidades membro, iniciou a campaña “As persoas primeiro”, que reclamaba ás formacións políticas que incluíran no debate electoral a situación de risco de pobreza ou exclusión de 700.000 galegos e galegas.

Baixo a etiqueta #PobrezaGalicia e o lema “Compromisos, Coordinación, Causas e Dialogo Civil contra a pobreza e pola inclusión social” [presentouse unha web](#) na que ademais de difundir as demandas do Terceiro Sector Social galego se fornecía á cidadanía de información sobre a pobreza e a exclusión.

O decálogo de propostas “[As persoas primeiro](#)” recollía demandas e actuacións a desenvolver para poder encamiñar as políticas sociais a redución da pobreza e a exclusión.

Neste informe analizamos primeiro os compromisos do Partido Popular de Galicia, como forza gobernante, e o nivel de consenso entre todas as forzas sobre as distintas propostas da Rede Galega contra a Pobreza.



**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL  
#PobrezaGalicia

COMPROMISOS  
COORDINACIÓN  
CAUSAS  
DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016



## COMPROMISOS DO PARTIDO POPULAR

### 1. Compromiso contra a pobreza. Ao final do 2020 reducir, canto menos:

**Non existe un compromiso cuantificado** da redución da pobreza.

**No programa recollese como proposta/compromiso/actuación:**

- ✓ Creación dun Programa Galego de Apoio Directo aos mais desfavorecidos.
- ✓ Contribuír á redución da pobreza e a romper a transmisión da pobreza extrema de xeración en xeración.

### 2. Implantación exhaustiva da RISGA e da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia como medida de choque contra a pobreza e a privación material severa:

- ✓ **Si hai compromiso** na elaboración e publicación do decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013 (sen definir unha data límite) , de inclusión social, no relativo á declaración de zonas de intervención social especial e plans integrais de transformación dirixidos a áreas urbanas e periurbanas onde se concentran de maneira significativa ou anómala. situacións de exclusión social.
- ✓ **Non hai compromiso** por unha maior cobertura social chegando as cifras asturianas de percepción de RISGA .
- ✓ **Non hai compromiso** por minguar o número de denegacións da RISGA.
- ✓ **Compromiso na** implantación da Historia Social Única en todos os municipios de Galicia.
- ✓ **Non se compromete**, concretamente a implantar sistema continuo de **transparencia e rendición de contas** dos prazos de resolución, pola Xunta de Galicia e por cada concello galego, que permita avaliar a xestión política e técnica en base a información obxectiva.
- ✓ **Si hai compromiso** na coordinación con concellos para a promoción de subsidiaridade e prestación conxunta de servizos sociais. (Axenda Social) aínda que se **non se concreta** na **subsidiaridade e interrelación con rendas municipais e axudas de emerxencia ou Inclusión Social (AIS)**, asegurando que sexan un medio para a inclusión social e non un fin en si mesmo.
- ✓ **Non hai compromiso** a modificación da Lei de Inclusión asegurando o papel **da RISGA como dereito subxectivo** semellante á Renda vasca de Garantía de Ingresos e modificando aqueles apartados que dificultan a súa plena implantación (persoas residentes non incluídas, simplificación administrativa, coherencia requisitos, inmediatez pagos, referenciar a SMI, etc.)

### 3. Garantir o dereito a unha vivenda digna

- ✓ **Si hai compromiso** en seguir traballando para **a erradicación do chabolismo e a infravivenda en todo o territorio galego.**
- ✓ **Si hai compromiso** no Regulamento e implantación inmediata do **Complemento por Vivenda previsto na Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia.**
- ✓ **Hai compromiso no fomento de aluguer de vivendas públicas, aluguer social e axudas ao aluguer, non se indica explicitamente** que teña como criterios de valoración as situacións de extrema



pobreza e exclusión das persoas, aínda **indocumentadas e en situación administrativa irregular** e especialmente das familias que teñan menores.

- ✓ **Hai compromiso de reforzar o Programa Reconduce, que é un Programa específico de prevención e detección de desafiuzamentos** por falta de pagamento de hipoteca ou aluguer.

En todos os casos indicando poboación obxectivo e transparencia no grao de cumprimento, subordinado ao itinerario de inclusión e criterio profesional de servizos sociais comunitarios e asegurando a non hiperburocratización dos procedementos.

- ✓ **Hai compromiso** na elaboración e posta en marcha dun Plan Integral de Atención ás Persoas sen Fogar en Galicia, en claro paralelismo coa Estratexia Nacional de Persoas sen Fogar 2015-2020 e as medidas establecidas na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.
- ✓ **Non hai un compromiso de elaborar protocolos específicos de intervención en vivenda, emprego, e servizos sociosanitarios** que garantan a prevención e ofrezan un sistema plural de aloxamento que debe incluír o desenvolvemento de recursos de baixa esixencia e contacto de calidade, que minimicen o tempo en rúa e garantan os dereitos dos cidadáns que se atopen sen fogar.

**Atención específica aos casos de irregularidade por “circunstancias sobrevindas”**, cidadáns con residencia legal e plenamente integrados que normalmente ocorren por non poder acreditar un contrato laboral en vigor nalgunha das renovacións das autorizacións de residencia e traballo en España.

4. **Si hai propostas en relación a Educación Inclusiva pero non específicas para a asegurar a universalidade da Sanidade** para calquera persoa con presenza en Galicia (inmediata no caso de enfermidades crónicas que imposibilitan o traballo). **Non hai compromiso** na exención do copago farmacéutico e hospitalario.

#### Algunhas propostas en educación:

- ✓ Atención á diversidade e escola inclusiva: Mantemos o compromiso co desenvolvemento e posta en marcha de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. E apostamos por unha formación integral do alumnado, coa finalidade de capacitalo para unha aprendizaxe autónoma e unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade ao longo de toda a súa vida, xunto coa implicación e o asesoramento dos pais e do resto dos axentes da comunidade educativa. Trataremos de chegar a acordos e colaboracións coas entidades sociais.
- ✓ Liberdade de elección das familias e, dentro da normativa vixente, apoio a educación pública e concertada. E incrementar a participación das familias no Consello Escolar de Galicia, Impulsar aínda máis a equidade no ensino galego, posibilitando unha axeitada atención á diversidade do alumnado (Necesidades Educativas Especiais, escolarización de inmigrantes, etc.)
- ✓ Mellorar a calidade do transporte escolar, con constante adaptación da prestación do servizo ás necesidades e á realidade demográfica do conxunto do territorio galego, especialmente no rural.



- ✓ Comedores escolares, velando pola viabilidade deste servizo complementario e aplicando un modelo no que pagan as familias que poden para que non paguen as que non poden. O servizo de comedor escolar xestionado pola Xunta de Galicia, baseado na renda familiar e regulado polo Decreto de Comedores de 2013, é un dos sistemas máis xustos socialmente e asequibles para as familias de todo o Estado español.
  - ✓ Libros de texto e material escolar, mantemos un modelo no que se axuda máis ás familias que máis o precisan, a través do Fondo Solidario e das axudas a libros e material escolar.,
5. **Non hai compromiso total na eliminación do “limbo da dependencia”** e garantir a taxa de reposición no Sistema de atención á Dependencia.
- Pero si hai compromiso** en continuar fomentando a lista de espera cero nos servizos de SAF Dependencia, garantindo un crecemento do 10% anual no período de 2016-2020 para chegar a 9 millóns de horas de atención.
6. **Si hai compromiso na posta en marcha dun plan de eliminación de barreiras arquitectónicas e desenvolvemento do decreto en materia de accesibilidade universal** para asegurar a plena inclusión de todas as persoas, de acordo co establecido na Lei 10/2014 de accesibilidade.
- Non se compromete explicitamente** a subordinar o investimento en obra pública da Xunta de Galicia a este obxectivo.
7. **Non hai compromiso en que o 0,2% dos orzamentos sexan destinados a cooperación ao final da lexislatura.**
- Si hai compromiso** de incrementar paulatinamente, e de forma sostida, a Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), establecendo como **incremento mínimo anual a porcentaxe na que se incremente o orzamento consolidado da Xunta de Galicia.**
8. **Apoio específico á infancia e mocidade como colectivos máis afectados pola pobreza e a exclusión social.** Contra a transmisión interxeracional da pobreza e o declive demográfico, e sendo conscientes da necesidade de implantar medidas específicas para as familias con dificultades dado que “non hai nenos e nenas pobres en familias ricas”:
- ✓ **Si hai compromiso na elaboración dun Plan específico de apoio a familias monoparentais e monomarentales.**
  - ✓ **Si hai compromiso na ampliación inmediata ata os 3 anos de idade do Cheque Benvida para nenos e nenas en pobreza.**
- Non hai compromiso** na creación dun complemento desde a Xunta de Galicia de prestación estatal por fillo a cargo (actualmente 24,25€) ata os 100€/mes, mentres non se implante en todo o estado.
- ✓ **Non hai compromiso na Reforma intensa do Sistema de Garantía Xuvenil**, incluíndo información transparente e completa tanto sobre ou o seu orzamento executado e a súa eficacia, para asegurar que cumpre o requisito de elaborar un proxecto de inserción a cada persoa menor de 30 anos e non un mero requisito burocrático para acceso a bolsas ou procura de emprego. **Si hai compromiso**, en relación a este tema:



**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL  
#PobrezaGalicia

COMPROMISOS  
COORDINACIÓN  
CAUSAS  
DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016



- Extensión do Sistema de Garantía Xuvenil a todos os centros de formación do sistema educativo público co obxectivo de que todas as persoas mozas reciban orientación laboral durante a súa formación e, ao rematala, accedan ao mercado laboral
- ✓ **Non hai compromiso** na creación dun **Plan de incentivos para o retorno de poboación xuvenil emigrada.**
- ✓ **Si hai compromiso na Participación xuvenil nos organismos públicos** que propoñan, aproben, fagan seguimento ou avalíen nas políticas de mocidade. Especificase o compromiso coa seguinte acción:
- Participación da infancia e mocidade/ A través do Plan Estratéxicos de Xuventude 2010-2013 e o 2014-2016, lanzar unha política de Xuventude máis eficaz e coordinada, consensuada coa propia mocidade, que defina recursos e medidas eficaces e modernas para favorecer a creación de oportunidades para todos os mozos e mozas.
- 9. Por un emprego digno. Elaboración dunha Estratexia de Formación e Inclusión Laboral dirixida ás persoas con maiores dificultades de empregabilidade ou precariedade laboral.**

**Si hai compromiso** na creación dunha Lei de Emprego de Galicia para, a través dos servizos públicos, garantir os dereitos das persoas ocupadas e das desempregadas: orientación, intermediación, formación e capacitación e mellora da empregabilidade) Cos seguintes compromisos avaliábeles:

- ✓ **Non hai compromiso no aumento de 10 puntos da taxa de actividade e redución do 10% na taxa de desemprego.**
- ✓ **Si hai certo compromiso na Medidas activas de emprego digno e formación profesional e ocupacional adaptadas ás necesidades das empresas e ao mercado laboral** e que dean acompañamento estable e a longo prazo no acceso ao traballo por conta allea a partir de itinerarios individualizados.
- establecemento dun marco de negociación colectiva que favoreza medidas para a elevación da taxa do emprego indefinido nas empresas
  - A orientación de todas as políticas activas de emprego á contratación inicial de emprego indefinido e á transformación de contratos temporais en indefinidos.
  - Programa “A miña primeira experiencia laboral” establecendo bolsas de emprego para a incorporación temperá a entidades e empresas públicas e privadas de mozos e mozas galegos con estudos universitarios e de ciclos de Formación Profesional, para a adquisición de experiencia laboral que permita mellorar a súa inserción no mercado laboral.
  - Programa específico de emprego e capacitación de persoas con discapacidade.
- ✓ **Si hai certo compromiso Avaliación externa da eficiencia das medidas e orzamentos vixentes** de formación, orientación e fomento para o emprego.

**Non se comprometen na** Creación órgano colexiado para o seguimento das políticas de emprego con participación das entidades do Terceiro Sector Social.



**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL  
#PobrezaGalicia

COMPROMISOS  
COORDINACIÓN  
CAUSAS  
DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016



Hai **compromiso** na avaliación de todas as actividades formativas en función da inserción laboral acadada.

- ✓ **Non hai compromiso** en garantir o **cumprimento da cota de reserva do posto de traballo** en empresas e administración pública **para calquera persoa en risco de pobreza ou exclusión social**. Primando o emprego con apoio e/ou adaptación do posto de traballo na empresa ordinaria para asegurar a inclusión das persoas.

Si **hai compromiso** en garantir o cumprimento de cota de reserva para persoas con discapacidade.

- ✓ Si **hai certo compromiso** en **implicar a empresas na formación e en programas de inserción laboral** (exemplo FP dual, plans de prácticas sectoriais, etc). Reforzo programas emprendemento social e RSC dirixida a implantación de políticas sociais de formación e emprego.

**Compromiso nas seguintes actuacións:** nova estratexia de FP para mellorar as competencias profesionais e emprendedoras desde o ensino a través de: novidades normativas; unha oferta adaptada á contorna e o achegamento e apoio á empresa; á innovación, á internacionalización e ó emprendemento; a potenciación da Rede dos Centros Integrados de FP (CIFP); a xeneralización da FP Dual, a orientación profesional e o fomento da calidade.

- ✓ **Non hai compromiso** en **ampliar ao 7% a reserva de mercado da Xunta de Galicia para empresas de inserción e centros especiais de emprego** (sen ánimo de lucro). Elaborar plan incentivos á contratación por parte das administracións públicas.

Si **hai compromiso** en garantir o cumprimento de cota de reserva para persoas con discapacidade.

- ✓ Si **hai certo compromiso** en **dar maiores competencias ás entidades do Terceiro Sector como colaboradoras estables dos sistemas públicos de emprego** na potenciación da inserción laboral. Non duplicar esforzos, implantando un Sistema Integrado de Orientación Laboral e asegurando propostas compartidas entre áreas Emprego e Educación da Xunta de Galicia.

**Compromiso de** Implicar ao terceiro sector na potenciación da inserción laboral mediante accións estables de colaboración cos sistemas públicos de emprego e nos sectores produtivos do rural.

## 10. Erradicar o curtopracismo da acción política. Xeneralizar a planificación e actuacións a medio e longo prazo e a estabilidade orzamentaria.

- ✓ Si **hai certo compromiso** de **implantación da Estratexia de Inclusión Social 2014-2020**. Non hai compromiso concreto establecendo no primeiro ano da lexislatura o Plan 2017-2018 con obxectivos específicos e cuantificables de inclusión social e laboral dos grupos máis vulnerables, como mínimo dos establecidos no Artigo 3 da Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia.

O **compromiso referido** é programación de intervencións técnicas previstas no desenvolvemento da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.

- ✓ **Non hai compromiso na Resolución de todas as convocatorias no primeiro cuadrimestre do exercicio**, anticipando a data á súa publicación de forma que asegure a planificación e programación de actuacións.



**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL  
#PobrezaGalicia

COMPROMISOS  
COORDINACIÓN  
CAUSAS  
DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016



- ✓ **Non hai compromiso na Análise de todas as convocatorias, convenios e contratos anuais para a súa ampliación a plurianual.**
- ✓ **Non hai compromiso en implantar a figura de Concerto Social plurianual en todos os servizos sociais, deixando as subvencións para actuacións puntuais.**

**11. “Somos persoas, non expedientes”.** **Non hai compromiso** en aplicar decididamente o enfoque de Inclusión Activa non asistencialista, asegurando **que cada unha das 115.000 persoas en situación de Privación Material Severa dispón, no prazo máximo de 10 días hábiles, dun profesional único de referencia** que facilite o seu acceso ás prestacións sociais e ao emprego e que coordine os diferentes servizos existentes no seu territorio, dereito recolleito na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia.

**Si hai certo compromiso no recoñecemento dos servizos sociais comunitarios como actores principais do desenvolvemento e a equidade social** a nivel autonómico e local e como responsables últimos políticos e técnicos do éxito do sistema de servizos sociais. Garantía de financiamento adecuado.

**Compromiso a través das seguintes actuacións entre outras:**

- Adaptación no primeiro ano de lexislatura da Lei de Servizos Sociais de Galicia que garanta os dereitos sociais dos galegos e das galegas.
- Impulsar a coordinación política e técnica entre Xunta de Galicia, deputacións provinciais e concellos, incluída a FEGAMP e as ONGs implicadas, para a promoción de subsidiaridade e prestación conxunta de servizos sociais. (Axenda Social)
- Seguir mellorando o Plan Concertado e as Ordes de financiamento para a especialización e crecemento dos Servizos Sociais municipais, nomeadamente os traballadores sociais, educadores sociais e outros técnicos para garantir equipos multidisciplinares.

**12. Asegurar a máxima coordinación e corresponsabilidade política e técnica na loita contra a pobreza e a exclusión.**

- ✓ **Non hai compromiso en crear vicepresidencia específica** ou departamento dependente da Presidencia da Xunta que asegure **coordinación entre todas aquelas áreas con implicación en servizos sociais** (en especial nas de Emprego, Política Social, Vivenda, Sanidade ou Educación), subordinando á súa actuación ao itinerario de inclusión establecido desde este departamento e os servizos sociais comunitarios.
- ✓ **Si hai compromiso** da implantación da **Historia Social Única, non se especifica se** será nos **dous primeiros anos de lexislatura, desenvolver** e protocolo de actuación entre todas as administracións e departamentos implicados nos procesos de inclusión social.
- ✓ **Si hai compromiso** Seguindo o modelo da **Axenda Social de Galicia, asegurar a coordinación política e técnica entre a Xunta de Galicia, deputacións e concellos (incluída a FEGAMP) e ONG implicadas**, promovendo a subsidiariedade, a prestación conxunta de servizos sociais para mellorar a calidade, a rendibilidade social dos servizos e a redución de custos de estrutura.





**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL  
#PobrezaGalicia

COMPROMISOS  
COORDINACIÓN  
CAUSAS  
DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016



- ✓ **Si hai compromiso coas ONG implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión, fomentando o diálogo civil** con reunións periódicas políticas e técnicas de intercambio de información e establecemento de estratexias comúns.

**13. Fomento do diálogo civil e a aprobación da Lei do Terceiro Sector Social de Galicia.** Que promova medidas de fortalecemento de organizacións e redes; impulse a súa cooperación, entre si e co sector público e as empresas, e promova a súa participación e contribución no ámbito da intervención social en xeral, e en particular nas políticas e sistemas de responsabilidade pública.

**Non hai compromiso** na presenza do **Terceiro Sector de Acción Social**, como **membro** de pleno dereito, no **Consello Económico e Social de Galicia**.

**14. Erradicar a procura de lucro na loita contra a pobreza e a exclusión**

- ✓ **Si hai compromiso na implantación de cláusulas sociais na contratación pública.** En materia de servizos sociais recoñecendo a experiencia e valores das organizacións non lucrativas, e asegurando que operan en igualdade de condicións con outros actores económicos.

Tamén na contratación pública xeral primando criterios de carácter ético, social ou solidario, como a non precariedade laboral ou a promoción do emprego para persoas en risco de exclusión social con obxecto de favorecer a súa integración social e laboral.

- ✓ **Non hai compromiso explícito coa implantación de fórmulas estables de financiamento das entidades non lucrativas do Terceiro Sector de Acción Social**, que faciliten a atención a todo tipo de colectivos vulnerables en base a criterios obxectivos, cocientes mínimos de atención ou calidade do servizo ou aumento de fondos recibidos polas persoas beneficiarias: contratos, convenios ou subvencións plurianuais, concertos sociais, etc.

**15. Fomentar a Transparencia e a Rendición de contas con, entre outras, as seguintes medidas:**

- ✓ **Non hai compromiso en** Crear unha **comisión parlamentaria que verifique cada proposta legislativa e en particular, os orzamentos**, para que respondan os obxectivos de redución da pobreza e defensa dos Dereitos Fundamentais.
- ✓ **Non hai compromiso en** establecer un **mecanismo de publicidade e rendición de contas de carácter público e accesible. Publicar mediante criterios “open data”**, detalles de execución orzamentaria do exercicio anterior ao máximo nivel de detalle (Xunta, deputacións e concellos). Cumprir a Lei 19/2013 de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- ✓ **Non hai compromiso en** difusión inmediata tras resolución de proxectos subvencionados e non subvencionados en cada convocatoria pública, indicando puntuación obtida. Do mesmo xeito en todos os concursos públicos de calquera índole.



**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL

#PobrezaGalicia

Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016

COMPROMISOS  
COORDINACIÓN  
CAUSAS  
DIÁLOGO CIVIL



## ANÁLISE DO CONSENSO ENTRE GRUPOS PARLAMENTARIOS

PROPOSTA/PARTIDO	PP	PSdeG	EN MAREA	BNG
<b>1. Compromiso contra a pobreza</b>				
Nun 50 % as persoas que se atopan en situación de Privación Material Severa				
Nun 15 % as persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión				
<b>2. Implantación exhaustiva da RISGA</b>				
Aprobar Decreto regulador da Lei 10/2013 no primeiro ano de legislatura	Parcial	Si		
Acadar o mesmo porcentaxe de persoas perceptoras que Asturias. Dende as 4,4 por cada 1000 habitantes ata as 14,5				
Dos papeis ás persoas. Reducir ao 20% o número de solicitudes denegadas ou arquivadas.				
Simplificación administrativa. A Historia Social Única e o Informe Social de Inclusión (ISI)	Parcial			
Implantar sistema continuo de transparencia e rendición de contas dos prazos de resolución, pola Xunta de Galicia e por cada concello galego				
Acordar cos concellos, subsidiariedade e interrelación con rendas municipais e axudas de emerxencia ou Inclusión Social (AIS)	Parcial	Parcial		
Modificación da Lei de Inclusión asegurando o papel da RISGA como dereito subxectivo				
<b>3. Garantir o dereito a unha vivenda digna</b>				
Erradicación do chabolismo e a infravivenda en todo o territorio galego.	Si	Si		
Regulamento e implantación inmediata do Complemento por Vivenda previsto na Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia.	Si			
Programa de aluguer de vivendas publicas, aluguer social e axudas ao aluguer..	Si	Si	Si	Si
Plan específico de prevención e detección de desafiuzamentos por impago de hipoteca ou aluguer	Si		Si	Parcial
Posta en marcha da Estrategia Nacional Integral para Personas Sin Hogar 2015-2020	Si		Si	
Elaborar protocolos específicos de intervención en vivenda, emprego, e servizos sociosanitarios (recursos de baixa esixencia e at.especifica casos irregularidade sobrevida)			Si	Si
<b>4. Asegurar a universalidade da Sanidade e a Educación Inclusiva</b>				
Asegurar a universalidade da Sanidade		Si	Si	Si
Educación Inclusiva	Parcial	Parcial		Si
Exención do copago farmacéutico e hospitalario.		Parcial		Si
<b>5. Eliminar o "limbo da dependencia"</b>				
Garantir a taxa de reposición no Sistema de atención a Dependencia.	Parcial	Parcial	Si	Parcial
<b>6. Plan urxente de Accesibilidade universal</b>				
Cumplimento da Lei 10/2014 de accesibilidade. Subordinar o investimento en obra pública da Xunta de Galicia a este obxectivo.	Parcial		Parcial	



**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL

#PobrezaGalicia

COMPROMISOS

COORDINACIÓN

CAUSAS

DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016

PROPOSTA/PARTIDO	PP	PSdeG	EN MAREA	BNG
<b>7. Non admitir diferenzas entre “pobreza de aquí e de alá”</b>				
Orzamentos á cooperación: Partindo dun mínimo de 6 millóns de euros e acadando de forma progresiva e planificada o 0,2% ao final da lexislatura			Si	Si
<b>8. Apoio específico á infancia e mocidade como colectivos máis afectados pola pobreza e a exclusión social</b>				
Plan específico de apoio a familias monoparentais e monomarentais.	Si	Parcial	Parcial	
Ampliación inmediata ata os 3 anos de idade do Cheque Benvida para nenas e nenos en pobreza	Si			
Complemento dende a Xunta de Galicia da prestación estatal por fillo a cargo (actualmente 24,25€) ata os 100€/mes, mentras non se implante en todo o estado.		Parcial		
Reforma intensa do Sistema de Garantía Xuvenil				Parcial
Plan de incentivos para o retorno de poboación xuvenil emigrada.		Parcial	Si	Si
Participación xuvenil nos organismos públicos que propoñan, aproben , fagan seguimento ou avaliación nas políticas de mocidade.	Si	Si	Parcial	Si
<b>9. Por un emprego digno. Elaboración dunha Estratexia de Formación e Inclusión Laboral</b>				
Aumento de 10 puntos da taxa de actividade				
Redución do 10% na taxa de desemprego				
Medidas activas de emprego digno e formación profesional e ocupacional	Parcial	Parcial	Si	Si
Avaliación externa da eficiencia das medidas e orzamentos vixentes de formación, orientación e fomento para o emprego	Parcial		Parcial	
Creación órgano colexiado para o seguimento das políticas de emprego con participación das entidades do Terceiro Sector Social.				
Garantir o cumprimento da cota de reserva de postos de traballo primando o emprego con apoio	Parcial			
Implicar a empresas na formación e en programas de inserción laboral (exemplo FP dual, plans de prácticas sectoriais, etc).	Parcial	Si	Si	
Reforzo programas emprendemento social e RSC dirixida a implantación de políticas sociais de formación e emprego.		Parcial	Si	Si
Ampliar ao 7% a reserva de mercado da Xunta de Galicia para empresas de inserción e centros especiais de emprego				
Dar maiores competencias ás entidades do Terceiro Sector como colaboradoras estables dos sistemas públicos de emprego	Parcial			
<b>10. Erradicar o curtpracismo da acción política</b>				
Implantación da Estratexia de Inclusión Social 2014-2020.	Si	Si		
Resolución de todas as convocatorias no primeiro cuatrimestre do exercicio,				
Análise de todas as convocatorias, convenios e contratos anuais para a súa ampliación a plurianuais.				
Implantar a figura de Concerto Social plurianual				
<b>11. "Somos persoas, non expedientes". Aplicar decididamente o enfoque de Inclusión Activa non asistencialista</b>				
115.000 persoas en situación de Privación Material Severa dispón, no prazo máximo de 10 días hábiles, dun profesional único de referencia				
Recoñecemento dos servizos sociais comunitarios, como responsables últimos políticos e técnicos	Parcial	Parcial	Parcial	



**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL

#PobrezaGalicia

COMPROMISOS

COORDINACIÓN

CAUSAS

DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016

PROPOSTA/PARTIDO	PP	PSdeG	EN MAREA	BNG
<b>12. Asegurar a máxima coordinación e corresponsabilidade política e técnica</b>				
Crear vicepresidencia específica				
Desenvolver Historia Social Única e protocolo de actuación	Parcial	Parcial		
Coordinación política e técnica entre a Xunta de Galicia, deputacións e concellos (incluída a FEGAMP) e ONG implicadas	Si	Parcial	Parcial	Parcial
Coas ONG implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión, fomentando o dialogo civil	Parcial		Parcial	
<b>13. Fomento do dialogo civil e aprobación da Lei do Terceiro Sector Social de Galicia</b>				
Presenza do Terceiro Sector de Acción Social, como membro de pleno dereito, no Consello Económico e Social de Galicia e aprobación da Lei do Terceiro Sector Social de Galicia				
<b>14. Erradicar a procura do lucro na loita contra a pobreza e a exclusión.</b>				
Implantación de cláusulas sociais na contratación pública		Si	Si	Si
Fórmulas estables de financiamento das entidades non lucrativas do Terceiro Sector de Acción Social.			Si	
<b>15. Fomentar a Transparencia e a Rendición de contas</b>				
Crear unha comisión parlamentaria que verifique cada proposta legislativa, para que resposten aos obxectivos de redución da pobreza e defensa dos Dereitos Fundamentais.				
Publicidade e rendición de contas de carácter público e accesible. Publicar mediante criterios "open data"				Parcial
Difusión inmediata tras resolución de proxectos subvencionados e non subvencionados en cada convocatoria pública				



**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL  
#PobrezaGalicia

COMPROMISOS

COORDINACIÓN

CAUSAS

DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016



## **ANEXO: AS NOSAS DEMANDAS**

Mais información en <http://eapn-galicia.com/es/hacemos/incidencia-politica/elecciones-25s/>

### **1. Compromiso contra a pobreza. Ao final do 2020 reducir, canto menos:**

- ✓ Nun 50 % as persoas que se atopan en situación de Privación **Material Severa**.
- ✓ Nun 15 % as persoas en situación ou **risco de pobreza e exclusión**. Cumprindo así o comprometido na Estratexia Europa 2020.

### **2. Implantación exhaustiva da RISGA e da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia como medida de choque contra a pobreza e a privación material severa:**

- ✓ No primeiro ano de lexislatura, aprobar **Decreto regulador da Lei 10/2013**
- ✓ Conseguir o **mesmo porcentaxe de persoas perceptoras que Asturias**. Desde as **4,4 por cada 1000 habitantes ata as 14,5**. De forma prioritaria e inmediata a todas aquelas persoas con nenos ou nenas a cargo.
- ✓ Dos papeis ás persoas. **Reducir ao 20% o número de solicitudes denegadas ou arquivadas**.
- ✓ Simplificación administrativa. A **Historia Social Única e o Informe Social de Inclusión (ISI) como única ferramenta para calquera tipo de trámite** de contido social con calquera departamento da Xunta de Galicia. Homologable co existente noutras CCAA e coa administración Xeral do Estado.
- ✓ Implantar sistema continuo de **transparencia e rendición de contas** dos prazos de resolución, pola Xunta de Galicia e por cada concello galego, que permita avaliar a xestión política e técnica en base a información obxectiva.
- ✓ Conseguir cos concellos, **subsidiariedade e interrelación con rendas municipais e axudas de emerxencia ou Inclusión Social (AIS)**, asegurando que sexan un medio para a inclusión social e non un fin en si mesmo.
- ✓ Modificación da Lei de Inclusión asegurando o papel **da RISGA como dereito subxectivo** semellante á Renda vasca de Garantía de Ingresos e modificando aqueles apartados que dificultan a súa plena implantación (persoas residentes non incluídas, simplificación administrativa, coherencia requisitos, inmediatez pagos, referenciar a SMI, etc.)

### **3. Garantir o dereito a unha vivenda digna**

- ✓ **Eradicación do chabolismo e a infravivenda** en todo o territorio galego. Con solucións estables e definitivas, non de transición, que combinen medidas de recollo con acompañamento e apoio social ás familias durante todo o proceso. Aproveitar intervencións en vivenda que permiten e financian Fondos Estruturais Europeos.
- ✓ Regulamento e implantación inmediata do **Complemento por Vivenda previsto na Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia**.
- ✓ **Programa de aluguer de vivendas públicas, aluguer social e axudas ao aluguer**, que teña como criterios de valoración as situacións de extrema pobreza e exclusión das persoas, aínda indocumentadas e en situación administrativa irregular e especialmente das familias que teñan menores.



**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL  
#PobrezaGalicia

COMPROMISOS

COORDINACIÓN

CAUSAS

DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016



- ✓ **Plan específico de prevención e detección de desafiuzamentos** por falta de pagamento de hipoteca ou aluguer.
  - ✓ En todos os casos indicando poboación obxectivo e transparencia no grao de cumprimento, subordinado ao itinerario de inclusión e criterio profesional de servizos sociais comunitarios e asegurando a non hiperburocratización dos procedementos.
  - ✓ Posta en marcha da **Estratexia Nacional Integral para Persoas Sen Fogar 2015- 2020** asegurando a coordinación con concellos e organizacións especializadas en procesos de inclusión normalizados.
  - ✓ **Elaborar protocolos específicos de intervención en vivenda, emprego, e servizos sociosanitarios** que garantan a prevención e ofrezan un sistema plural de aloxamento que debe incluír o desenvolvemento de recursos de baixa esixencia e contacto de calidade, que minimicen o tempo en rúa e garantan os dereitos dos cidadáns que se atopen sen fogar.
  - ✓ **Atención específica aos casos de irregularidade por “circunstancias sobrevindas”**, cidadáns con residencia legal e plenamente integrados que normalmente ocorren por non poder acreditar un contrato laboral en vigor nalgunha das renovacións das autorizacións de residencia e traballo en España.
4. **Asegurar a universalidade da Sanidade e a Educación Inclusiva** para calquera persoa con presenza en Galicia (inmediata no caso de enfermidades crónicas que imposibilitan o traballo). Exención do copago farmacéutico e hospitalario.
  5. **Eliminar o “limbo da dependencia”** e garantir a taxa de reposición no Sistema de atención á Dependencia.
  6. **Plan urxente de Accesibilidade universal en infraestruturas e edificios públicos ou privados** para asegurar a plena inclusión de todas as persoas, de acordo co establecido na Lei 10/2014 de accesibilidade. Subordinar o investimento en obra pública da Xunta de Galicia a este obxectivo.
  7. **Non admitir diferenzas entre “pobreza de aquí e de alá”**. Entendendo a cooperación para o desenvolvemento como unha política social pública máis e garantindo un crecemento anual progresivo e previsible que teña sempre como **horizonte o 0,7% dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia** dedicados á loita contra a pobreza en países empobrecidos. Partindo dun mínimo de 6 millóns de euros e conseguindo de forma progresiva e planificada o **0,2% ao final da lexislatura**. Sempre de forma coordinada coas ONG de Desenvolvemento e buscando a implicación efectiva con organizacións de acción social especializadas.
  8. **Apoio específico á infancia e mocidade como colectivos máis afectados pola pobreza e a exclusión social**. Contra a transmisión interxeracional da pobreza e o declive demográfico, e sendo conscientes da necesidade de implantar medidas específicas para as familias con dificultades dado que “non hai nenos e nenas pobres en familias ricas”:
    - ✓ **Plan específico de apoio a familias monoparentais e monomarentales.**
    - ✓ **Ampliación inmediata ata os 3 anos de idade do Cheque Benvida para nenos e nenas en pobreza e complemento desde a Xunta de Galicia de prestación estatal por fillo a cargo (actualmente 24,25€) ata os 100€/mes, mentres non se implante en todo o estado.**



**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL  
#PobrezaGalicia

COMPROMISOS

COORDINACIÓN

CAUSAS

DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016



- ✓ **Reforma intensa do Sistema de Garantía Xuvenil**, incluíndo información transparente e completa tanto sobre ou o seu orzamento executado e a súa eficacia, para asegurar que cumpre o requisito de elaborar un proxecto de inserción a cada persoa menor de 30 anos e non un mero requisito burocrático para acceso a bolsas ou procura de emprego.
  - ✓ **Plan de incentivos para o retorno de poboación xuvenil emigrada.**
  - ✓ **Participación xuvenil nos organismos públicos** que propoñan, aproben, fagan seguimento ou avalíen nas políticas de mocidade.
- 9. Por un emprego digno. Elaboración dunha Estratexia de Formación e Inclusión Laboral dirixida ás persoas con maiores dificultades de empleabilidade ou precariedade laboral.** Cos seguintes compromisos avaliábeis:
- ✓ **Aumento de 10 puntos da taxa de actividade e redución do 10% na taxa de desemprego.**
  - ✓ **Medidas activas de emprego digno e formación profesional e ocupacional adaptadas ás necesidades das empresas e ao mercado laboral** e que dean acompañamento estable e a longo prazo no acceso ao traballo por conta allea a partir de itinerarios individualizados.
  - ✓ **Avaliación externa da eficiencia das medidas e orzamentos vixentes** de formación, orientación e fomento para o emprego. Creación órgano colexiado para o seguimento das políticas de emprego con participación das entidades do Terceiro Sector Social.
  - ✓ Garantir o **cumprimento da cota de reserva do posto de traballo** en empresas e administración pública **para calquera persoa en risco de pobreza ou exclusión social**. Primando o emprego con apoio e/ou adaptación do posto de traballo na empresa ordinaria para asegurar a inclusión das persoas.
  - ✓ **Implicar a empresas na formación e en programas de inserción laboral** (exemplo FP dual, plans de prácticas sectoriais, etc). Reforzo programas emprendemento social e RSC dirixida a implantación de políticas sociais de formación e emprego.
  - ✓ **Ampliar ao 7% a reserva de mercado da Xunta de Galicia para empresas de inserción e centros especiais de emprego** (sen ánimo de lucro). Elaborar plan incentivos á contratación por parte das administracións públicas.
  - ✓ **Dar maiores competencias ás entidades do Terceiro Sector como colaboradoras estables dos sistemas públicos de emprego** na potenciación da inserción laboral. Non duplicar esforzos, implantando un Sistema Integrado de Orientación Laboral e asegurando propostas compartidas entre áreas Emprego e Educación da Xunta de Galicia.
- 10. Erradicar o curtopracismo da acción política. Xeneralizar a planificación e actuacións a medio e longo prazo e a estabilidade orzamentaria.**
- ✓ **Implantación da Estratexia de Inclusión Social 2014-2020.** Establecendo no primeiro ano da legislatura o Plan 2017-2018 con obxectivos específicos e cuantificables de inclusión social e laboral dos grupos máis vulnerables, como mínimo dos establecidos no Artigo 3 da Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia.



**AS PESSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL  
#PobrezaGalicia

COMPROMISOS

COORDINACIÓN

CAUSAS

DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016



- ✓ **Resolución de todas as convocatorias no primeiro cuadrimestre do exercicio**, anticipando a data á súa publicación de forma que asegure a planificación e programación de actuacións.
  - ✓ **Análise de todas as convocatorias, convenios e contratos anuais para a súa ampliación a plurianual.**
  - ✓ **Implantar a figura de Concerto Social plurianual en todos os servizos sociais**, deixando as subvencións para actuacións puntuais.
- 11. “Somos persoas, non expedientes”.** Aplicar decididamente o enfoque de Inclusión Activa non asistencialista, asegurando **que cada unha das 115.000 persoas en situación de Privación Material Severa dispón, no prazo máximo de 10 días hábiles, dun profesional único de referencia** que facilite o seu acceso ás prestacións sociais e ao emprego e que coordine os diferentes servizos existentes no seu territorio, dereito recolleito na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia.
- Recoñecemento dos servizos sociais comunitarios como actores principais do desenvolvemento e a equidade social** a nivel autonómico e local e como responsables últimos políticos e técnicos do éxito do sistema de servizos sociais. Garantía de financiamento adecuado.
- 12. Asegurar a máxima coordinación e corresponsabilidade política e técnica na loita contra a pobreza e a exclusión.**
- ✓ **Crear vicepresidencia específica** ou departamento dependente da Presidencia da Xunta que asegure **coordinación entre todas aquelas áreas con implicación en servizos sociais** (en especial nas de Emprego, Política Social, Vivenda, Sanidade ou Educación), subordinando á súa actuación ao itinerario de inclusión establecido desde este departamento e os servizos sociais comunitarios.
  - ✓ Nos **dous primeiros anos de legislatura, desenvolver Historia Social Única** e protocolo de actuación entre todas as administracións e departamentos implicados nos procesos de inclusión social.
  - ✓ **Seguindo o modelo da Axenda Social de Galicia, asegurar a coordinación política e técnica entre a Xunta de Galicia, deputacións e concellos (incluída a FEGAMP) e ONG implicadas**, promovendo a subsidiariedade, a prestación conxunta de servizos sociais para mellorar a calidade, a rendibilidade social dos servizos e a redución de custos de estrutura.
  - ✓ **Coas ONG implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión, fomentando o dialogo civil** con reunións periódicas políticas e técnicas de intercambio de información e establecemento de estratexias comúns.
- 13. Fomento do dialogo civil e a aprobación da Lei do Terceiro Sector Social de Galicia. Que promova medidas de fortalecemento de organizacións e redes; impulse a súa cooperación, entre si e co sector público e as empresas, e promova a súa participación e contribución no ámbito da intervención social en xeral, e en particular nas políticas e sistemas de responsabilidade pública relacionados co devandito ámbito.**
- Presenza do **Terceiro Sector de Acción Social**, como **membro** de pleno dereito, no **Consello Económico e Social de Galicia**.
- 14. Erradicar a procura de lucro na loita contra a pobreza e a exclusión**





**AS PERSOAS PRIMEIRO**  
CONTRA A POBREZA E  
POLA INCLUSIÓN SOCIAL  
#PobrezaGalicia

COMPROMISOS

COORDINACIÓN

CAUSAS

DIÁLOGO CIVIL



Propostas EAPN Galicia Eleccións Parlamento de Galicia 2016



- ✓ **Implantación de cláusulas sociais na contratación pública.** En materia de servizos sociais recoñecendo a experiencia e valores das organizacións non lucrativas, e asegurando que operan en igualdade de condicións con outros actores económicos.

Tamén na contratación pública xeral primando criterios de carácter ético, social ou solidario, como a non precariedade laboral ou a promoción do emprego para persoas en risco de exclusión social con obxecto de favorecer a súa integración social e laboral.

- ✓ **Fórmulas estables de financiamento das entidades non lucrativas do Terceiro Sector de Acción Social,** que faciliten a atención a todo tipo de colectivos vulnerables en base a criterios obxectivos, cocientes mínimos de atención ou calidade do servizo ou aumento de fondos recibidos polas persoas beneficiarias: contratos, convenios ou subvencións plurianuais, concertos sociais, etc.

#### **15. Fomentar a Transparencia e a Rendición de contas con, entre outras, as seguintes medidas:**

- ✓ Crear unha **comisión parlamentaria que verifique cada proposta legislativa e en particular, os orzamentos,** para que respondan os obxectivos de redución da pobreza e defensa dos Dereitos Fundamentais.
- ✓ Establecer un **mecanismo de publicidade e rendición de contas de carácter público e accesible. Publicar mediante criterios “open data”,** detalles de execución orzamentaria do exercicio anterior ao máximo nivel de detalle (Xunta, deputacións e concellos). Cumprir a Lei 19/2013 de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- ✓ **Difusión inmediata tras resolución de proxectos subvencionados e non subvencionados en cada convocatoria pública,** indicando puntuación obtida. Do mesmo xeito en todos os concursos públicos de calquera índole.